

RESOLUCIÓN

Celebración das sesións dos órganos colexiados do Concello de Carballo a distancia por medios telemáticos ao concorrer unha situación de grave risco colectivo como consecuencia da crise sanitaria derivada da pandemia do COVID-19.

Convocatoria sesión telemática Xunta de Goberno Local 11/05/2020.

O RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e as súas sucesivas prórrogas, establece unhas limitacións de movemento e de aglomeracións de persoas, por razón estritamente sanitarias, limitando a liberdade de circulación para protexer a saúde e seguridade dos cidadáns, conter a progresión da enfermidade e reforzar o sistema de saúde pública. Nesa situación grave e excepcional, a prevalencia da salvagarda da saúde individual e colectiva impuxo, entre outras medidas, a suspensión das sesións presenciais dos órganos colexiados do Concello (res. De alcaldía 632/2020 de 16/03/2020), xa que tampouco concurrían razóns de urxencia que esixisen a adopción inaprazable de acordos e que obrigasen a correr riscos temerarios, tendo en conta por ende a suspensión de prazos administrativos decretada na norma citada máis arriba.

Para posibilitar o funcionamento dos órganos colexiados de goberno das entidades locais durante o período actual de crise, aínda que tamén para afrontar situacións futuras de semellante natureza, o Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo cal se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao covid-19, engade, co obxectivo de garantir o funcionamento democrático e eficaz das Entidades Locais, a través da súa disposición final segunda un novo apartado 3 no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) do teor seguinte:

«3. En todo caso, cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos colexiados das entidades locais, estes poderán, apreciada a concorrencia da situación descrita polo Alcalde ou Presidente ou quen validamente lles substitúa para o efecto da convocatoria de acordo coa normativa vixente, constituírse, celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros participantes se atopen en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión, dispoñéndose os medios necesarios para garantir o carácter público ou secreto das mesmas segundo proceda legalmente en cada caso.

Para os efectos anteriores, considéranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten.».

De acordo co art. 46.3 LBRL, transcrito, redactado conforme á disposición adicional segunda do Real Decreto Lei 11/2020, do 31 de marzo, complementado polo disposto no número 5 do artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no senso de que nas sesións a distancia, os acordos entenderanse adoptados no lugar onde teña a sede o órgano colexiado.

Foron vistas as condicións técnicas para garantir a presenza dos membros durante a sesión e as deliberacións, a realizar mediante videoconferencia, e a necesidade de someter os expedientes relacionados na orde do día á consideración deste órgano de goberno para a súa aprobación, se procede.

Considerando que concorre indubidablemente unha situación de grave risco colectivo, como resulta manifesto polo mantemento do estado de alerta pola pandemia do virus covid-19, e que, en todo caso, tal situación debe ser apreciada polo Presidencia deste Concello en canto aos órganos colexiados de goberno da mesma e poderá ser, polo tanto, prorrogada en posteriores resolucións máis aló do marco da declaración do estado de alarma; en virtude das atribucións conferidas polo art. 21.1.c da Ley 7/1985, e art. 41.4 do RD 2568/1986,

RESOLVO:

Primeiro.- Apreciar que concorre unha situación de grave risco colectivo como consecuencia da crise sanitaria derivada da pandemia do covid-19 que dificulta de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réximen presencial das sesións dos órganos colexiados de goberno do Concello de Carballo, debido ao estado de alarma decretado para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, por Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo.

Segundo.- Determinar que as sesións do Pleno e dos demais órganos colexiados de goberno do Concello de Carballo (comisións informativas, xunta de goberno, xunta de voceiros) que se celebren no mes de maio de 2020 ou, no seu caso, mentres se prolongue o estado de alarma, terán lugar a distancia a través de medios telemáticos que garanten adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros e a validez do debate e votación dos acordos que se adopten. En todo caso, entenderase que os acordos se adoptan na Casa do Concello, sede do Concello de Carballo.

Terceiro.- Procédase por Secretaría á notificación desta resolución de forma electrónica a todos os membros da Corporación, con publicación no taboleiro de edictos electrónico, para xeral coñecemento.

Cuarto.- Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que terá lugar de forma telemática mediante videoconferencia a través da ferramenta informática Jitsi Meet, o vindeiro **luns 11 de maio de 2020 ás 13:30 horas** en primeira convocatoria, e, no caso de non existir quórum necesario, en segunda convocatoria unha hora despois á sinalada para a primeira, para debatir os asuntos relacionados na seguinte orde do día:

ORDEN DEL DÍA

1.- Acta da sesión anterior (09/03/2020). Aprobación

2.- Publicacións boletíns oficiais.

3.- Xulgados e tribunais.

4.- Decretos. Dación de conta.

5.- Facturas. Aprobación e pago.

6.- Garantías.

6.1.- Devolución dos avais nº 734/05 e 735/05 depositados para responder do contrato administrativo de servizo: Consultoría e asistencia para os traballos de redacción de proxecto de reparcelación do Polígono Número 17 delimitado no PXOM (SAT 11/2004). Expte. 2020/X002/000006.

7.- Expedientes de contratación. Aprobación.

7.1.- Contrato administrativo mixto de suministro y obras de conexión aérea de puntos de luz "de tanto alzado" a cuadros de nueva instalación en el alumbrado público de Carballo en las siguientes parroquias: Carballo, Bértoa, Sísamo, Noicela, Razo, Sofán, Aldemunde, Vilela y Xoane (SUM-05/2020). Aprobación. Expte. 2020/C005/000002.

8.- Expedientes de contratación. Adjudicación.

8.1.- Contrato administrativo de obras de "Mejora en la accesibilidad peatonal en el entorno del barrio de A Milagrosa y en la avenida Vázquez de Parga" (OBR. 21/2019) incluida en el Plan de Provincial de Cooperación a las Obras y Servicios de competencia municipal (Plan único de ayuntamientos) "POS+ Adicional 1/2019", 1ª fase, de la Diputación Provincial de A Coruña. Adjudicación. Expte. 2019/C003/000016.

8.2.- Contrato administrativo de obras de "Red de saneamiento en las parroquia de Artes, lugares de Altiboa, Vilarvello, O Alto, Vilanova y Baltar" (OBR. 16/2019). Adjudicación. Expte. 2019/C003/000011.

8.3.- Contrato administrativo de "Servicios de vigilancia y seguridad en la Unidad de Conductas Adictivas del Ayuntamiento de Carballo" (SER 40/2019-A). Adjudicación. Expte. 2019/C004/000015.

8.4.- Contrato administrativo de obras de "Reforma y adecuación de un espacio destinado a lavadero público. Situación: parroquia de Entrecruces" (OBR. 35/2018). Adjudicación. Expte. 2018/C003/000025.

9.- Rogos e preguntas.

Quinto.- Da presente convocatoria e da orde do día darase pola Secretaría debida notificación a tódolos membros da Xunta de Goberno na forma e prazos legalmente previstos.

Así mesmo procederá á súa publicación no taboleiro de edictos da Casa do Concello. Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Secretario

Evencio Ferrero Rodríguez

José Villán Fuertes